

# NOITE CURTA

## PROXECCIONS OS XOVES DE AGOSTO // // // // // 22:30 H PRAZA DAS PRATERIAS

### // // // XOVES 07 // // // GAÑADORES CURTOCIRCUITO 2013 // // // // // XOVES 14 // // // ANIVERSARIO MARVIN&WAYNE 1 // // // // // XOVES 21 // // // ANIVERSARIO MARVIN&WAYNE 2 // // // // //



Unha programación de  
**CURTOCIRCUITO**  
curtocircuito.org

**XOVES, 7 DE AGOSTO DE 2014**  
**GAÑADORES CURTOCIRCUITO 2013**  
Duración: 1 h 24' / Idade: +13

**AS MELLORES CURTAS DE CURTOCIRCUITO 2013**

#### BURNING HEARTS

James McFay  
2012 / 14' / Xapón e Australia / Ficción  
**PREMIO MELLOR CURTAMETRAXE INTERNACIONAL**

Cando os Yakuza agriden unha moza á que lle acaban de romper o corazón, o taxista que a levaba debe recorrer aos seus talentos ocultos para salvala. / When a heartbroken girl is attacked by the Yakuza, her taxi driver must call on his hidden talents to save her.

#### COMME DES LAPINS

Osman Cerfon  
2012 / 8' / Francia / Animación, ficción  
**MENCIÓN ESPECIAL SECCIÓN INTERNACIONAL**

O home de cabeza de peixe busca a súa sorte nunha feira mentres segue soltando as súas burbullas de pesimismo. / The fish-headed man pursues his gloomy ride in a funfair, randomly distributing his bubbles of doom.

#### THE MASS OF MEN

Gabriel Gauchet / 2012 / 17' / Reino Unido / Ficción  
**PREMIO DO XURADO NOVO**

Richard, un desempleado de 55 anos, chega tres minutos tarde á súa cita nun centro de busca de emprego. A orientadora, reprimida polo sistema no que traballa, non ten máis remedio que penalizalo por impuntual. / Richard, an unemployed 55-year-old, arrives three minutes late for his appointment at a job centre. An advisor, stifled by the limits of the system she works in, has no choice but to penalise him for his tardiness.

#### NASHORN IM GALOPP

Erik Schmitt  
2013 / 15' / Alemaña / Ficción  
**PREMIO DO PÚBLICO**

Bruno vaga polas rúas de Berlín buscando a alma da cidade. De súpeto atopa una aliada para a súa busca e namórase ao instante. Pero ela tamén busca algo que fará que deseguida teña que deixar a Bruno e Berlín. / Bruno roams the streets of Berlin seeking the soul of the city. Unexpectedly, he meets an ally in his quest and immediately falls in love. But she is also on a quest, and it's one that has her leaving Bruno and Berlin very soon.

#### MR. BEAR

Andrés Rosende  
2012 / 14' / Galiza, Estados Unidos / Ficción  
**MENCIÓN ESPECIAL SECCIÓN GALIZA**

É Nadal outra vez: familia, regalos, festas...; a peor época do ano para Steve. De camiño a Nova York para a cea de Noiteboa, o seu coche déixao tirado e, accidentalmente, tropeza coa escena dun crime. / It's Christmas again: family, presents, parties... the worst time of the year for Steve. Driving through New York City for Christmas Eve dinner, his car breaks down and he accidentally stumbles upon a crime scene.

#### SANGUE DE UNICORNIO

Alberto Vázquez  
2013 / 9' / Galiza / Animación, ficción.  
**PREMIO MELLOR CURTAMETRAXE GALIZA**

Dous osiños saen cazar unicornios, a súa presa predilecta. Os unicornios teñen unha carne suave e un sangue delicioso con sabor a arandos que os osiños necesitan para manterse fermosos. / Two teddy-bears go hunting unicorns, their favourite prey. Unicorns have tender flesh and delicious blueberry-flavoured blood that the bears need to stay cute-looking.

#### THE DEVIL

Jean-Gabriel Périot  
2012 / 7' / Francia / Documental  
**PREMIO MELLOR CURTAMETRAXE EXPLORA**

Non sabedes o que somos. / You don't know what we are.

**XOVES, 14 DE AGOSTO DE 2014**  
**V ANIVERSARIO MARVIN&WAYNE 1**

Duración: 1 h 30' / Idade: +13

**MARVIN&WAYNE**  
SHORT FILM DISTRIBUTION  
QUINTO ANIVERSARIO

#### SEQUENCE

Carles Torrens  
20' / 2013 / España, Estados Unidos / Ficción  
Que pasa se un día espertas e te das de conta de que todo o mundo soñou contigo? / What if you wake up one day and realise the entire world has dreamt about you?

#### TRYOUTS

Susana Casares  
14' / 2013 / España, Estados Unidos / Ficción  
Ser adolescente non é doado, especialmente para Nayla, unha rapaza estadounidense musulmá que quere entrar no equipo de animadoras do seu novo instituto. / Being a teenager isn't easy, especially for Nayla, a Muslim-American girl who wants to join her new high school's cheerleading squad.

#### BUENOS AIRES

Daniel Gil Suárez  
12' / 2013 / España / Ficción  
Un argentino afincado en España debe roubar unha roda de reposto dun coche no porto marítimo. / An Argentine immigrant must steal a car's spare wheel from a Spanish seaport.

#### LOVE WARS

Vicente Bonet  
4' / 2012 / España / Ficción  
No interior da Estrela da Morte, dous soldados imperiais libran a súa propia batalla. / Inside the Death Star, two Imperial Stormtroopers strike their own battle.

#### O XIGANTE

Luis da Matta Almeida, Julio Vanzeler  
10' / 2012 / Galiza / Animación, ficción  
Un xigante leva unha rapaza no corazón, que é como unha gran fiestra desde onde a rapaza descobre e entende o mundo no que vivimos. Un día, ela terá que marchar. Coa súa maleta chea de soños e esperanzas, comezará a crear un novo mundo coa herdanza dos seus pais. Isto é medrar! / A giant carries a little girl in his heart. His heart is like a large window from where the little girl discovers and understands the world where we live... One day she will have to leave. With her bag full of dreams and hopes she will start to create a new world from her parent's heritage. This is growing up!

#### INSIDE THE BOX

David Martín-Porras  
14' / 2013 / España, Estados Unidos / Ficción  
Cando a fiscal do distrito chama á porta da casa dun policía en Texas, este vese forzado a facer fronte a un segredo que lle agocha á súa muller polo ben de manter a familia unida. / When the local District Attorney comes knocking, a Texan cop is forced to face a secret that he's been hiding from his wife in an effort to keep his family together.

#### KOALA

Daniel Remón  
16' / 2012 / España / Ficción  
Un psicólogo entrevista os traballadores dunha empresa a raíz dun incidente: Mercedes, unha das directivas, insultou o seu novo secretario, un mozo con síndrome de Down. / A psychologist interviews the members of a company due to an incident: Mercedes, one of the executives, has insulted his new assistant, a young man who suffers from Down syndrome.

**XOVES, 21 DE AGOSTO DE 2014**  
**V ANIVERSARIO MARVIN&WAYNE 2**

Duración: 1h 14' / Idade: +18

**MARVIN&WAYNE**  
SHORT FILM DISTRIBUTION  
QUINTO ANIVERSARIO

#### LAS 5 MUERTES DE IBRAHIM GONSÁLEZ

Pablo Aragüés  
9' / 2012 / España / Ficción  
Tras un accidente doméstico, Ibrahim González pasa un minuto clinicamente morto. Con todo, ¡será o mellor minuto da súa vida! / After a domestic mishap, Ibrahim González spends a full minute clinically dead. Nevertheless, it comes to be the best minute of his life!

#### FUGA

Juan Antonio Espigares  
15' / 2012 / España / Animación, ficción  
Sara, acabada de chegar ao conservatorio de Santa Cecilia, descubrirá que existen máis formas de interpretar cada lado do prisma desde o que percibe a súa realidade e o seu talento. / Sara, who has just arrived at St Cecilia's Conservatory, will discover there are different ways to interpret each side of the prism from which she perceives her reality and talent.

#### CLICK

Irene Iborra, Eduard Puertas  
14' / 2013 / España / Ficción, animación  
Un peixe irrompe na rutina laboral dun humano obsesionado polo traballo, e entón... CLIC. / A fish breaks into the work routine of a workaholic, then... CLICK.

#### ANACOS

Xacio Baño  
6' / 2012 / Galiza / Ficción  
A vida dunha persoa pode ser tan simple e sinxela como a súa receita de biscoito. / The life of a person can be as easy and straightforward as his recipe for sponge cake.

#### AMATEURS

Javier Loarte  
12' / 2012 / España / Ficción  
Jane e David queren facer un vídeo porno. Chaman a Chris para que o grave. / Jane and David want to make a porn video. They call Chris to shoot it.

#### EN CARNE VIVA

Federico Esquerro  
18' / 2013 / Arxentina / Ficción  
A viaxe dun actor que interpreta un asasino nunha filmación que transcorre nunha carnicaría de Bos Aires. Os artificios do cine fan difícil discernir cando a carne de atrezzo se mestura coa verdadeira. / It's the journey of an actor playing a murderer in a film set in a butcher shop in Buenos Aires. The film devices make it difficult to discern when props meat is mixed with the real.